

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

'A AMARGA EMOCIÓN DO PERDIDO', DE TEATRO PROSCRITO

Inés de Castro é hindú na Sala Yago

A compañía galega Teatro Proscrito trae esta semana á Sala [Yago](#) *A amarga emoción do Perdido*, escrita e dirixida por Lino Braxe (no texto comparte a autoría con José L. Prieto). A obra xira en torno a persoa de Inés de Castro, e conta no seu elenco con Rebeca Montero, Xabier Deive, Sylvie Juncal, Lino Braxe e Flor Maceiras. Poderemos vela o xoves 25 e o venres 26 ás oito e media, o sábado 27 ás dez e media e o domingo 28 ás sete. É todo un exercicio de estilo que nos fala do amor. Como di Xavier Deive, "Non é unha obra ao xeito con presentación, nodo e desenlace. É un poema visual".

- 12:05 25/01/2007

O ton poético e o sensualismo son as marcas desta montaxe: entra polos sentidos. Comemos, miramos, tocamos, ulimos, escoltamos♦ sentimos. Dende a estética hindú, é abordado o mito dunha muller que reinou despois de morta. Será Rebeca Montero quen encarne a Inés de Castro. Coñecémola de filmes como *León e Olvido* ou *Nena*, e aínda o ano pasado xirou con lagarta, lagarta e a súa montaxe *Carambola* por toda Galiza.

Pedro é interpretado por Xavier Deive, protagonista de series (*A vida por diante*), curtametraxes (*Cicatrices*) e Longametraxes (*O menor dos males*). Beatriz é interpretada por Sylvie Juncal, quen xa traballara con Braxe en *Parade os reloxos*, e Constanza por Flor Maceiras, formada en Elsinor Teatro, no teatro radiofónico e as lecturas dramatizadas. O propio Lino Braxe interpreta a Pacheco, uns asasinios, nesta montaxe que é un deleite para os sentidos: sons hindús para o oído, iluminación con candeas, cheiro a mirra, sabores exóticos e o tacto dos imbólicos caraveis cos que os súdbitos lle renderan homenaxe á raíña morta. "Inés de Castro representa o mito do amor e iso é universal", conta Braxe sobre a traslación da historia galega ao contexto hindú: "Sociedade que tamén ten moito de medieval con amores imposibles entre castas".

A lenda

Todo Portugal rende homenaxe este ano á coñecida como "colho de garça" pola súa fermosura, no 650 aniversario do seu pasamento. A noble galega Inés de Castro (nada no 1325), amante do infante Pedro de Portugal, foi repudiada polos nobles portugueses. A súa unión con Pedro e os seus fillos foron considerados ilegítimos. Logo de ser asasinada, foi declarada esposa de Pedro e raíña de Portugal. No 1355 Alfonso IV trasladara a corte a Montemor-o-Velho, e os inimigos da familia Fernández Castro, Alonso Gonzálvez, Pedro Coelho e Diego López Pacheco, convenceron ao rei Pedro I de que conviña parale os pés a esta casa, para o que era preciso matar a Inés de Castro. Logo do asasinato, o rei perpetrou unha terrible vinganza: a Pedro foille arrincado o corazón polo peito, e a Diego, polas costas. Disque cando o rei ocupou

o trono, mandou exhumar o cadáver da súa amada e ocupar o trono ao seu carón, mandouna coroar e renderlle as honras propias dunha raíña. Camoens fala deste mito n'*Os Lusíadas*, e aínda escribiron sobre ela Luis Vélez de Guevara en *Reinar después de morir* e Alejandro Casona en *Corona de amor y muerte*.